

# unha Noia para

bng  
BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

# as Persoas

Noia  
merece  
máis

Falando con Ricardo Suárez

## Cales son os vosos principais proxectos?

Ademais dun **plan plurianual para completar a rede de saneamento**, temos que promover a **transformación de alimentos**, para que o ciclo produtivo do **berberecho** e da **ameixa** se poidan completar en Noia. O noso segundo principal obxectivo é **desenvolver un urbanismo centrado nas persoas**: Noia precisa xente nas rúas e para iso é necesario que haxa espazos urbanos amables e bonitos, nos que as persoas teñan prioridade sobre o tránsito rodado. Temos que **conectar a Alameda co Campo da Feira** e realizar unha **reforma integral do Paseo Marítimo**, e, a medio prazo, xuntar estes espazos e **facer chegar a Alameda ao mar**. Tamén é necesario **conectar os lugares e as parroquias coa vila**, facendo que a xente se poida desprazar cumprindo cos criterios de **accesibilidade universal** e de **seguridade viaria**, a pé ou en bicicleta, desde as súas casas ata o centro do municipio.

Ricardo Suárez. Candidato á Alcaldía polo BNG Noia



## Que cres que é necesario cambiar con urxencia en Noia?

Noia precisa ser un sitio onde a xente queira desenvolver o seu proxecto vital e no que a xente queira pasar o seu tempo de lecer. Para que lle vaia ben ao comercio, á hostalería e ao resto das empresas, necesitamos **xente nas nosas rúas**. Ademais, para que as familias queden a vivir en Noia temos que dotar o municipio de **servizos**: somos a **única localidade galega de máis de 10.000 habitantes que non ten unha escola infantil pública**. Isto non pode ser, nin poder ser que non teñamos un centro de día, unha residencia ou casas de maiores públicas.

## Que resumo fas do mandato que remata?

As **políticas improvisadas** dos populares e dos independentes son a raíz da **situación de estancamento** que vive Noia. Non obstante, o BNG conseguiu, a través do seu talante conciliador e poñendo ao Goberno diante do espello da opinión pública, que se desenvolveran moitas iniciativas que melloraron a calidade de vida da veciñanza noieña. **Fomos quen de forzar á Xunta a desenvolver o comedor do colexio da Barquiña**. Grazas ao BNG, Noia conta por primeira vez cunha ordenanza para o uso do galego. Tamén forzamos actuacións de saneamento en Argalo, no Couto e na Barquiña, a licitación da instalación dun elevador na biblioteca municipal ou a **modificación o imposto da circulación para bonificar os vehículos eficientes**, entre outros moitos exemplos de melloras que partiron das nosas propostas.

bng  
BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

#NoiaMereceMáis #AsPersoasMerecemosMáis



O BNG conseguiu nos últimos **catro anos**, desde un **talante conciliador e construtivo**, e poñendo ao Goberno municipal ante o espello da opinión pública, que se puxeran en marcha diversas actuacións que melloraron a **calidade de vida da veciñanza de Noia**. Non obstante, os nosos pequenos logros desde a oposición non son máis que unha pequena mostra das grandes cousas que podemos conseguir desde o Goberno. **Noia merece máis**, e coa túa axuda poderemos conseguir un Concello que poña as persoas no centro das súas políticas.

## Construción do comedor no CEIP A. Rodríguez Cadarso da Barquiña

Tratouse dunha persistente demanda da ANPA deste colexio, buscando evitar así os desprazamentos non apropiados, e ás veces imposibles, a outros colexios da comarca que contan con este servizo.

Despois da insistencia do BNG no Parlamento galego e nos orzamentos da Xunta, **logrouse por fin** que este comedor sexa unha realidade que mellora a conciliación das familias noiesas.

## Implicación coa rede de saneamento

O BNG demostrou o seu **compromiso co saneamento** durante este mandato, sendo a **proposta nosa actuacións** como as que se realizaron en Argalo, no Couto e na Barquiña. Pero isto é insuficiente, precisamos un **plan plurianual** para que haxa partidas axeitadas para saneamento cada ano nos orzamentos municipais, e, sobre todo, **necesitamos licitar o mantemento continuo** da rede de saneamento: o principal problema é o seu abandono.



## Impulso da normalización da lingua galega

Despois do impulso do BNG, o Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 27 de setembro de 2021 publicou a aprobación definitiva da **Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello de Noia**, aprobada provisionalmente o 27 de maio de 2021. Un **feito histórico** que nos coloca na vangarda da defensa do galego no noso país. Non obstante, dous anos despois, o Concello de Noia segue sen un Servizo de Normalización Lingüística, sen un Plan de Normalización Lingüística, con carencias no uso oficial do noso idioma, con carencias na sinalización en galego, sen respectar toda a toponimia do municipio, sen un verdadeiro impulso institucional da lingua galega e sen seguimento e avaliación do cumprimento da ordenanza. Un Goberno liderado polo BNG en Noia é o mellor garante para **desenvolver a ordenanza municipal reguladora do uso do galego** e darlle á **defensa do noso idioma** a importancia que merece.

## Poñer a ciencia ao servizo da saúde

O BNG conseguiu que as **augas residuais do noso concello** foran postas a disposición das universidades. O Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) logrou en Vigo a **secuenciación das mutacións da cepa europea do coronavirus** grazas ás mostras recollidas en dous municipios galegos, un deles Noia. Para o BNG é un orgullo ver que a nosa proposta de poñer a EDAR noiesas a disposición da investigación científica puido aportar á realización de avances científicos de grande importancia.





## Consecución do paso de peóns en Orro

Despois da insistencia veciñal e das iniciativas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta accedeu, xa hai máis dun ano, a colocar un **paso de peóns na estrada de Orro**. Só falta que desde o Concello se realicen as xestións necesarias para proceder ao seu pintado, algo que acontecerá de maneira instantánea cando o BNG chegue ao Goberno municipal. Ademais, moitos outros núcleos como **Boa, Taramancos, Sobreviñas ou a Ponte Nafonso** teñen os mesmos problemas para cruzar a estrada, unha cuestión aos que o BNG porá fin.

## Reparación da estrada da Horta da Zapateira

A estrada da **Horta da Zapateira, en Barro, sofre de afundimentos do firme** dende hai moitos anos. Na última das ocasións nas que se produciu un socavón, o Goberno municipal simplemente colocou uns conos durante varios días sen facer nada por solucionar unha situación que provocaba unha grande inseguridade. Tan só despois das queixas veciñais e do BNG se conseguiu un **novo asfaltado da estrada**. No futuro, este pavimento merece unha intervención sería que solucione a problemática.

## Plan de marquesiñas

O BNG conseguiu a **aprobación dun plan municipal de marquesiñas nos núcleos** do municipio. Desta forma, ata **cinco novas marquesiñas** foron colocadas no marco da primeira fase de actuación deste plan, algunhas delas tan solicitadas e necesarias como as de **Ousoño ou Ponte Nafonso**, onde a veciñanza non tiña lugares a cuberto para agardar polo bus.

## Paralización do Parque Eólico "Huracán"

A Subdirección Xeral de Enerxía referendou as **alegacións interpostas polo BNG ao Parque eólico Huracán**. O BNG informou á veciñanza e presentou alegacións con motivo da potencial **afectación aos núcleos rurais** cun muíño que se pretendía colocar a **menos de 500 metros das casas**. Así mesmo, tamén tería afectado o noso patrimonio cultural ao colocarse xusto enriba do elemento arqueolóxico catalogado do **Castelo Miúdo**. En consonancia co que afirmaba o BNG, a Subdirección Xeral de Enerxía emitiu un **informe negativo do proxecto**. Finalmente, o pasado mes de xaneiro, trascendeu o arquivo do parque eólico Huracán por parte do Ministerio.



## Instalación da "vídeo-finish"



Despois das iniciativas e insistencia do BNG en contra do **abandono das excelentes instalacións de atletismo do noso concello**, que non podían albergar competicións oficiais, a instalación do **sistema de vídeo-finish** foi un avance para o atletismo e o deporte en Noia. Tamén conseguimos a **instalación de vestiarios específicos para mulleres e nenos nas instalacións de atletismo**. Aínda así, queda moito por facer para que se poidan practicar nestas instalacións todas as modalidades deportivas que potencialmente poden albergar. Igualmente, deben dotarse dun espazo axeitado para o entreno.

## Bonificacións fiscais aos vehículos híbridos e eléctricos

Despois de moita insistencia, o BNG conseguiu chegar a un acordo co Goberno municipal para implementar unha **bonificación fiscal aos vehículos híbridos e eléctricos cunha vixencia de oito anos a partir da matriculación**. A pesar diso, queda moito camiño para adaptar as nosas infraestruturas ao novo modelo de mobilidade que se vai impor nos próximos anos na Unión Europea. Agora, é necesario aplicar bonificacións fiscais tamén para **promover o autoconsumo enerxético e o illamento térmico das vivendas**, así como desenvolver unha **comunidade enerxética** coa participación do Concello.





## Unidade preventivo–asistencial a persoas con drogodependencia

A **unidade preventivo–asistencial a persoas con drogodependencia** de Noia deixou pasar máis de dous anos sen repoiar a **praza da traballadora social**. A insistencia do BNG e os acordos plenarios que impulsamos conseguiron que finalmente se completase o cadro de persoal dun servizo tan importante para a saúde de tanta xente.

## Apertura da plataforma de comercialización de Noia Histórica a todo o sector do comercio

A proposta do BNG abriuse, durante este mandato, a **plataforma de comercialización de Noia Histórica a todo o sector do comercio**, pero o **Goberno municipal** esqueceu desenvolver e promocionar este acordo e convertelo no éxito que supuxo noutras localidades.

## Elevador na Casa de Cultura “Avilés de Taramancos”

Pleno tras pleno, o BNG lembrou ao **Goberno municipal** a **necesidade de instalar un elevador na biblioteca e Casa da Cultura Antón Avilés de Taramancos**, pois **servizos públicos fundamentais** como estes teñen que ser accesibles para todas as persoas. **Tras catro anos de insistencia**, este edificio asegurará finalmente a **accesibilidade universal**.

## Verteduras das minas de San Finx

O BNG liderou sempre o **rexeitamento das irregularidades das minas de San Finx**. **Xa hai oito anos** organizamos unha conferencia sobre o risco que supoñen as balsas de residuos mineiros. Durante o último mandato seguimos coa **labor de concienciación social** e de nós partiron todas as iniciativas no pleno ao respecto desta problemática, que tamén levamos a todos os niveis institucionais.



## Mancomunidade Serra do Barbanza

Ante a confrontación do **PP contra o modelo de reciclaxe da Mancomunidade Serra do Barbanza**, e ante a **pasividade do PSOE** perante os retos que enfrenta a planta de xestión de residuos, o BNG sempre traballou da man do persoal de Servia para lograr a **modernización da planta** e asegurar os seus postos de traballo, que supoñen un **piar fundamental do noso modelo ecolóxico e económico**.



## 700 aniversario da muralla medieval

Durante este mandato tivo lugar o **700 aniversario da nosa emblemática muralla medieval**, sen que desde o Concello se fixese nin a máis mínima conmemoración. Foi o BNG, ante este desleixo, quen organizou unhas **xornadas para homenaxear unha das nosas xoias patrimoniais**.



## Restauración do mural “Nunca Máis”


Tamén durante este mandato tivo lugar o **20 aniversario da peor traxedia ecolóxica** que viviu o noso país, o **afundimento do Prestige**, que deu lugar a un movemento de dignidade sen precedentes. A **militancia do BNG**, para evitar o esquecemento da nosa historia, **repuxo o mural de Nunca Máis** que preside a nosa ría.






# Urbanismo e infraestrutura verde

## 1 Unha grande Alameda que se achegue ao mar



Queremos conectar de novo a Alameda e o Campo da Feira, dando prioridade ás persoas sobre os vehículos na estrada que as separa. O maior problema da sociedade noiesa é a perda de xente nas rúas, e iso tan só se arranxa ofrecendo un espazo urbano de calidade. Neste sentido, queremos desenvolver unha reforma integral do paseo marítimo, dotándoo de vexetación, sombra e equipamentos para o lecer social, un gran parque onde se concentre a vida. E a medio prazo, conectar o paseo marítimo coa Alameda, facer chegar a Alameda ao mar.

Pero unha Noia para as persoas non se pode circunscribir unicamente ao ámbito urbano, o BNG ten como prioridade conectar as parroquias e os lugares coa vila, para que as persoas poidan, cumprindo cos criterios de accesibilidade universal e de seguridade viaria, desprazarse a pé ou en bicicleta ao centro do municipio. Queremos conectar, por exemplo, Ponte de San Francisco e Sobreviñas co Campo das Rodas. Boa e Taramancos co Obre. Sampaio e a Albariza con Ousoño e San Bernardo. A Rasa coa Barquiña, pasando por Santa Cristina. Ou Ponte Nafonso con Orro. Todos os lugares do municipio merecen a nosa atención, e ter a posibilidade tamén, de chegar ao noso paseo marítimo, desde onde hai que establecer unha boa conexión con Testal a través de Barro, da Barquiña e do Obre.





- 2** Un concello cun urbanismo sensible, para mellorar a vida de todas as persoas, con accesibilidade universal e cheo de actividade dinámica, cultural e económica.
- 3** Gañar espazo público para as persoas limitando a velocidade de circulación polo entorno urbano. Isto debe acontecer tanto na propia vila como en todos aqueles lugares e parroquias divididas pola presenza de estradas onde os coches mandan sobre o peón.



Exemplos de vilas que pensan nas persoas, no lecer, e na infraestrutura verde e os espazos de calidade.

## Saneamento

6

- 4** Plan plurianual para completar a rede integral de saneamento. Licitación do mantemento da rede de saneamento. Debe haber partidas suficientes para saneamento cada ano nos orzamentos municipais que posibiliten completar a rede integral canto antes, e, sobre todo, necesitamos licitar o mantemento continuo da rede, posto que a principal razón do seu mal funcionamento é o abandono.



Tubaxes de amianto abandonadas na Barquiña, exemplo de solución para un mellor mantemento da rede de saneamento e EDAR funcionando a un 40% da súa capacidade.

## Transformación do bivalvo

- 5** A transformación de alimentos é unha das grandes oportunidades estratéxicas para o desenvolvemento da economía noíesa, con dous produtos estrela, como o berberecho e a ameixa, que non se transforman aquí. O BNG quere pór en marcha un centro de transformación de alimentos especializado no bivalvo, para que sexa un lugar no que se complete o ciclo produtivo con conservas artesanais de alto valor engadido, e que sirva como punto de partida para a creación de empresas e cooperativas.





## Formación e investigación

- 7 Traballaremos cos centros de formación profesional para a creación de ciclos formativos no campo da transformación de alimentos. Ademais, o noso concello debe fomentar a investigación, pois a ría ten un gran potencial para a investigación científica. Temos a capacidade de innovar, da man das universidades e da confraría para xerar emprego, desenvolver os nosos sectores produtivos e afrontar os problemas ambientais e climáticos.



## Comunidade enerxética e reciclaxe

- 8 Impulsaremos unha comunidade enerxética, que reducirá a factura eléctrica do Concello, así como das persoas e empresas participantes, ata nun 60%. A Mancomunidade Serra do Barbanza xogará un papel importante neste modelo enerxético. Ademais, o BNG apostará polo mantemento e modernización da planta de Servia, mellorando o noso modelo de reciclaxe e xerando novos empregos.



## Espazo colaborativo ou coworking

- 9 As persoas merecen o apoio do concello para emprender a súa forma de gañar a vida, e nese sentido o BNG creará un centro de traballo colaborativo ou coworking que tamén servirá como viveiro de empresas e centro de asesoramento e formación, facilitando a creación de novas empresas e empregos.

## Plataforma de comercialización

- 10 O BNG desenvolverá unha plataforma de comercialización que poderá incluír as plataformas de comercialización de entidades e empresas privadas e terá un espazo concreto para a praza de abastos. Tamén colaboraremos co comercio e a hostalería na loxística para a entrega de produtos na proximidade, así como para establecer un posto de recollida de produtos fóra do horario comercial.

## Servizos para as persoas

- 11 Establecemento dunha Concellería de Parroquias. Vivenda pública. Escola infantil pública. Centro de día. Residencia e Casas de maiores. Municipalización do Servizo de Atención no Fogar. Creación dun centro lúdico para a mocidade. Promoción da cultura e axenda cultural durante todo o ano. Novos espazos para actividade deportiva. Adhesión á Área Metropolitana de Compostela. Completar a dotación de servizos básicos. Mellora do abastecemento de auga. Ordenación do monte e prevención de incendios. Dinamización dos museos e posta en valor do Patrimonio. Museo das Laudas Gremiais. Limpeza do espazo urbano.








"Somos 19 persoas nesta candidatura, pero moitas máis as que conformamos un marabilloso equipo de traballo".

Ricardo Suárez



# Candidatura



Noia  
merece  
máis



QUERES SUMARTE AO BNG? [bng.gal/participa](http://bng.gal/participa)

